

## Informe sobre a autorización de velorio en residencia multifamiliar (Concello de Barbadás – Expediente XCP-22-015).

### ANTECEDENTES

1.- O 02.06.2022 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/1180036) solicitude do Concello de Barbadás na que, tras expoñer o que considerou oportuno, termina interesando que se emita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre as seguintes cuestións:

*1ª) Se resulta conforme o ordenamento suplir a lagoa legal aplicando o criterio recollido na STSJ de Galicia nº 347/2020 de 29-6-2020 (FD 3º) en virtude do cal a admisibilidade do uso de velorio pode alcanzarse a través da súa asimilación a algún dos usos expresamente previstos, en concordancia co art. 14.2 do Plan Básico Autonómico aprobado por Decreto 83/2018, aplicable con carácter complementario que lle atribúe o seu artigo 8.2.*

*2ª) Se resulta conforme ao ordenamento assimilar o uso de velorio co sanitario-asistencial definido no artigo 28.2.1. do Plan Básico Autonómico como "aquel que comprende as instalacións e servizos sanitarios, de asistencia e benestar social".*

*3ª) Se, así mesmo, resulta conforme ao ordenamento a asimilación do uso de velorio ao comercial, de acordo á precitada Sentencia e á anterior de 8-5-1997 que aquela mesma cita.*

*4ª) Se resulta conforme ao ordenamento resolver a asimilación do uso de velorio simultaneamente cos usos sanitario-asistencial e comercial de acordo á previsión de usos complementarios prevista no art. 12.6 do Plan Básico Autonómico.*

*5ª) Se, de acordo o resultado das anteriores consultas, o Concello de Barbadás pode autorizar o uso de velorio nunha residencia multifamiliar."*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades citadas no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

**SEGUNDA.-** O instrumento de ordenación do Concello de Barbadás é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante, PXOM) aprobado definitivamente o 19.07.2002, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 153, do 09.08.2002 e no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* núm. 186, do 14.08.2002.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
www.xunta.gal



**TERCEIRA.-** O PXOM de Barbadás no Título III, relativo ás “Normas e Ordenanzas reguladoras”, dedica o seu capítulo II as normas reguladoras de uso.

O artigo 59 define o “uso equipamentos e servizos públicos” como o que “*Comprende o conxunto de espazos, edificacións e instalacións ao servizo directo da poboación*”.

A continuación o seu apartado 2, fai unha clasificación destes usos de acordo coa funcións que desempeña cada equipamento, recollendo entre outras:

*“6.- servizos públicos*

*Inclúe as edificacións e instalación ligadas a institucións e corpos de protección e orde público, como bombeiros, policía, etc. ou a proporcionar servizos públicos como cemiterios, tanatorios, etc.”*

O artigo 65 do PXOM o regular os usos de servizos públicos establece que:

*“Todas as edificacións cumprirán as normas de zona e as que fixen as disposicións vixentes para as instalacións denominadas servizos públicos (bombeiros, policía, cemiterios, tanatorios, etc.).*

**CUARTA.-** O Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia define nos apartados 32 e 35 do seu artigo 3 os tanatorios e os velorios, respectivamente, nos seguintes termos:

*.- “32. Tanatorio: establecemento funerario habilitado como lugar de etapa do cadáver, entre o lugar do falecemento e o destino final, debidamente acondicionado para a realización das técnicas de tanatopraxia, tanatoplastia e tanatoestética e para a exposición dos cadáveres.”*

*.- “35. Velorios: establecementos para a exposición de cadáveres que contan cos requisitos regulamentarios.”*

Da lectura dos preceptos citados o uso de velorio pode entenderse incluído no uso “servizo público” previsto no planeamento, en concreto dentro do uso tanatorio, posto que, tendo en conta as definicións que o Decreto 151/2014, do 20 de novembro, fai de ambos, o velorio, que é para exposición de cadáveres, sería un dos usos que se poden levar a cabo nun tanatorio.

En consecuencia, considérase que neste suposto para implantar o uso velorio non semella que sexa necesario recorrer as interpretacións xurisprudenciais para asimilado a algún dos outros usos permitidos no plan nin á aplicación complementaria do Plan Básico Autonómico.

**QUINTA.-** Sentado o anterior, procede analizar agora se é posible implantar o uso de velorio nunha residencia multifamiliar.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
www.xunta.gal



A residencia multifamiliar no PXOM de Barbadás aparece regulada no artigo 94, do Capítulo I, Núcleo urbano de A Valenzá, do Título VI que establece as normas particulares de cada zona.

En concreto dito precepto establece sobre os usos tolerados o seguinte:

*“-servizos públicos a excepción de cementerios e estacións de servizo. Os servizos públicos autorizaranse en edificio exclusivo ou nas plantas baixa e semisoto de edificio de vivendas.”*

De acordo co exposto, o uso velorio resulta ser un uso tolerado na residencia multifamiliar segundo o PXOM de Barbadás.

**SEXTA.-** O uso pretendido, de acordo co establecido na LSG, é obxecto de título habilitante municipal, sendo competencia exclusiva do concello conceder o citado título de acordo co establecido no artigo 25.2. a) *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.

A tal efecto e, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da LSG, a competencia para outorgar licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, debendo as mesmas outorgarse de acordo coas previsións da lexislación e o planeamento urbanísticos (artigo 350.1 do RLSG) e correspondendo ao concello valorar na tramitación do correspondente expediente de outorgamento da licenza urbanística municipal, e á vista do proxecto e documentación que conta no mesmo, se a actuación prevista e para a que se solicita a licenza, pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente.

## CONCLUSIÓN

- 1.- O uso de velorio pode considerarse incluído no uso tanatorio, que é clasificado como uso “servizo público” no PXOM de Barbadás.
- 2.- Este uso é tolerado nas residencias multifamiliares.

O que se informa, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

